



**CLUB NATACIÓN FERROL**  
C/Emilia Pardo Bazán s/n  
C.P. Javier Gómez Noya  
15406 Ferrol  
Tlf. 981 324712 - 698119757  
Páx. Web: [www.natacionferrol.com](http://www.natacionferrol.com)

### **Circular 03/20 - Supresión das medidas excepcionais creadas polo Estado de Alarma COVID-19 ante a reactivación da actividade.**

Ante o paso á fase 2 da desescalada dentro do marco do Estado de Alarma, na que se permite a reapertura das piscinas dentro dos parámetros legalmente establecidos e supón que o noso Club poida reactivar a súa actividade coa conseguinte saída do ERTE no que se atopaba até a data e en aras a dar certeza e transparencia aos asociados, dítase a presente Circular.

Como é sabido, hai escasos días aprobouse a Circular 02/2020 que pretendía regular a posible situación na que nos iamos atopar e pola que o noso Club non podía volver a retomar a súa actividade ante a situación de peche do Complexo Polideportivo Javier Gómez Noya. Toda vez que finalmente si se poderá reactivar a actividade, corresponde volver á normalidade anterior ao Estado de Alarma ante os gastos de persoal que terá que facer fronte a nosa Entidade e suprimir as medidas excepcionais adoptadas polo noso Club no relativo á cota dos asociados.

Polo exposto, a Xunta Directiva aprobou no presente día e eu, de conformidade co artigo 41 dos Estatutos do Club Natación Ferrol vixentes, publico a seguinte resolución:

#### **Artigo único. Supresión medidas excepcionais e recuperación cota ordinaria.**

Serán de aplicación para todos os socios e socias as cotas ordinarias establecidas antes do comezo do Estado de alarma a partir da mensualidade correspondente ao mes de xuño do presente ano.

#### **Disposición derogatoria.**

Fican derogadas expresamente as Circulares 01/20 e 02/20

Ferrol, 26 de maio de 2020

A secretaria,

Asdo.: Victoria Jiménez Pérez



Vto. e prace: a presidenta,

Asdo.: Noemí Álvarez Álvarez